



## ***Instrucción 1/2018, da valedora do pobo, de representación e defensa en xuízo da Institución do Valedor do Pobo***

Os posibles procesos xurisdicionais relacionados coa actividade interna do Valedor do Pobo circunscribense aos actos suxeitos a dereito administrativo. Por tanto, límitanse ás cuestiós de persoal, administración e xestión patrimonial suxeitas ao dereito público. Pola contra, a maior parte da actividade externa da Institución non está suxeita ao dereito administrativo, fundamentalmente os procedementos de queixa e de información ao Parlamento de Galicia.

En consecuencia, a actividade ordinaria ou máis frecuente da Institución non resulta revisable pola xurisdición contenciosa-administrativa. De feito, ao longo dos case 30 anos de actividade da Institución só se coñeceron dous procedementos contenciosos nos que fose parte, ambos por cuestiós de persoal. Estes dous procedementos foron representados e defendidos polos servizos xurídicos do Parlamento de Galicia, do que o Valedor do Pobo é Alto Comisionado (artigo 1 da Lei 6/1984, de 5 de xuño, do Valedor do Pobo), ata o momento en que aquel considerou que non resultaba posible continuar con esa función por necesidades do propio servizo, momento no cal se fixo precisa a externalización da tarefa mediante contrato público.

Recentemente as funcións atribuídas á Institución víronse incrementadas coa aprobación da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, que lle atribúe a condición de Comisionada da Transparencia (artigo 32) e adscríbelle a Comisión da Transparencia (artigo 33), un órgano colexiado encargado de coñecer os recursos substitutivos contra os actos ditados en materia de acceso á información pública. Esta última función é de carácter puramente administrativa, polo que se atopa suxeita ao control da xurisdición contenciosa.

Con iso o presumible é que a actividade xurisdiccional da Institución aumente considerablemente, ao desenvolver unha parte importante da súa actividade no ámbito ordinario da administración, o que fará que os recursos contenciosos sexan comúns e mesmo frecuentes.

A asunción das novas funcións en materia de transparencia non veu acompañada dun incremento orzamentario e do gasto para atender as novas necesidades, coa excepción da habilitación legal dun novo posto no persoal eventual do Valedor, algo xa concretado na nova RPT aprobada polo Parlamento de Galicia.

A previsible actividade xurisdiccional ordinaria que se derivará do novo escenario legal, a falta de recursos engadidos e os principios de eficacia e de sustentabilidade económica fan aconsellable limitar ao máximo a externalización do servizo, de tal forma que con carácter ordinario a representación e defensa en xuízo se encomende ao persoal funcionario técnico habilitado que preste os seus servizos na Institución. Só de forma extraordinaria e mediante resolución expresa e motivada realizaranse externalizacións do servizo de representación e defensa en xuízo dos procedementos nos que o Valedor do Pobo resulte parte.

O Regulamento de Organización e Funcionamento do Valedor do Pobo (DOG nº 30, do 12 de febreiro de 2018) prevé no seu artigo 7 que “correspóndenlle ao Valedor/a do Pobo, segundo o disposto na lei reguladora da institución, as seguintes competencias: ... k) Exercer a xefatura do persoal e a potestade disciplinaria e decidir sobre a representación e defensa en xuízo”.

Para a realización do obxectivo citado e facendo uso da habilitación recollida no citado artigo do regulamento da Institución será precisa a habilitación de funcionarios licenciados ou graduados en dereito que se consideren adecuados para a tarefa que tratamos e cuxas funcións ordinarias e de especialización técnica estean relacionadas coas materias respecto das cales efectúase a habilitación, de forma similar á recollida no artigo 42 da Lei galega 4/2016, do 4 de abril, de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público para dito ámbito.

As instrucións non teñen os efectos propios e a natureza dos regulamentos, polo que non é precisa a súa publicación oficial. Porén, darase publicidade da presente Instrucción no Portal de Transparencia do Valedor do Pobo, en aplicación do previsto no artigo 7.1.a) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de Transparencia, Acceso á Información



Pública e Bo Goberno, e en aplicación do principio de transparencia e da seguridade xurídica.

## INSTRUCCIÓN

Primeiro: Con carácter ordinario a representación e defensa en xuízo da Institución do Valedor do Pobo encomendarase ao persoal funcionario técnico habilitado que preste os seus servizos nela.

Segundo: Por resolución do/a titular da Institución este/a habilitará ao funcionario licenciado ou graduado en dereito que considere adecuado para cada procedemento e cuia especialización técnica estea relacionada co seu obxecto.

Terceiro: Só de forma extraordinaria e mediante resolución expresa e motivada realizaranse externalizacións do servizo de representación e defensa en xuízo dos procedementos nos que o Valedor do Pobo resulte parte.

Cuarto: A presente Instrucción será comunicada a todo o persoal técnico do Valedor do Pobo e publicada no seu Portal de Transparencia, e terá aplicación dende o día seguinte a súa sinatura.

En Santiago de Compostela, a 25 de outubro de 2018.

Milagros María Otero Parga, valedora do pobo

